

Este é o mar

que hai que navegar.

# O Tesouro de Pirata Frank



Autor: Mal Peet y Elspeth Graham

Ilustrador: Jez Tuya

Páxinas: 38

Dimensión: 30x26cm

Encuadernación: Cartoné

Idioma: Galego

Edición: 1ª edición setembro 2022

Editorial: Patasdepeixe

ISBN: 978-84-946341-9-2

PVP: 16.50€

Este é un libro cheo de cores e de aventuras. O neno cruza o mar, chega á illa, escala as montañas, nada no pantano, sube as escadas e chega a unha palmeira, todo para atopar o famoso tesouro de Pirata Frank. Pero cando chega leva unha enorme sorpresa, pois a Pirata Sally Frank non ten gana ningunha de deixarlle poñer as mans no seu cofre! Así que toca desfacer o camiño a todo correr e baixar as escadas, nadar o pantano, volver escalar as montañas e saír escopeteado da illa do tesouro!

Neste conto acumulativo de ida e volta a rima e as accións mestúranse cun ritmo trepidante e divertido. É un conto para cantar, para gozar das rimas, para rir, para moverse, para correr e sobre todo para imaxinar como sería ese tesouro tan famoso da Pirata Sally Frank que non nolo deixaron nin ver!

Na cuberta do barco, á noitiña, co canto das gaivotas no solpór, chega a hora de durmir e soñar con aquela illa tan misteriosa onde vive aquela pirata tan rabuda.



patasdepeixe